CCPF CGAI

Filmoteca Alberto Vázquez

Sesión do 12 de decembro de 2022

Birdboy. España, 2010. Cor, 10 min. Fantástico | **Dirección e guión:** Alberto Vázquez, Pedro Rivero | **Música:** Suso Sáiz | **Produción:** Abrakam Estudo, Postoma Studio, Cinemar Films, Uniko

Premios: Premios Goya 2011: Mellor Curtametraxe de Animación

Sinopse: A pequena Dinki comeza un novo día camiño da escola xunto á súa moi querido pai. Pero un terrible accidente industrial vai cambiar para sempre a vida na illa na que habitan. Agora o destino de Dinki talvez penda das ás do seu excéntrico amigo Birdboy, un introvertido mozo-paxaro oculto no bosque abandonado ás súas fantasías.

Decorado. España, 2016. Cor, 11 min. Fantástico | **Dirección e guión:** Alberto Vázquez | **Produción:** Uniko

Premios: Premios Goya 2016: Mellor Curtametraxe de Animación

Sinopse: Unha fábula irónica e existencialista sobre o sentido da vida e das nosas relacións. Un híbrido entre o conto de terror e a comedia subversiva, que emprega dunha estética que imita os gravados clásicos do século XIX. A historia está protagonizada por animais, comúns na animación tradicional, pero que teñen sentimentos e problemas moi humanos, o que fai contrastar a forma e o contido e tingue o filme dun corrosivo sentido do humor.

Homeless Home. España, 2020. Cor, 10 min. Fantástico | **Dirección e guión:** Alberto Vázquez | **Música:** Víctor García | **Produción:** Autour de Minuit, Uniko

Premios: Premios Quirino 2020: Mellor Curtametraxe

Sinopse: Narra un triángulo amoroso entre unha bruxa, un orco e un ogro que serve de escusa para abordar o tema da volta á terra de orixe de moitas persoas debido á crise económica.

PERFIL EN CINEMANÍA

Vázquez, un graduado de Belas Artes nacido en Galicia, leva décadas recorrendo a mundos de fantasía e a criaturas de conto para falar a fondo da realidade. O seu método, segundo el, permítelle saltarse calquera censura e tocar os temas que queira baixo o escudo metafórico da fábula. E non é sorprendente, pensándoo un pouco, que tal apaixonado da mitoloxía use o medio animado como cabalo de Troia.

Vázquez forxouse no mundo do fanzine, formando parte de antoloxías underground tan influentes e lembradas como *Nosotros somos los muertos* ou *Dos veces breve*. Tamén foi clave na fundación do selo Polaqia, un lendario colectivo galego de autores de cómic baixo o cal publicaría a súa primeira obra en solitario, *Alter ego*.

Pero foi o seu seguinte cómic como guionista e debuxante, *Psiconautas*, o que realmente lle daría a coñecer como autor. Centrado na Galicia desindustrializada durante a chegada da heroína, época que Vázquez presenciou de primeira man, *Psiconautas* recorría a esta etapa para falar do desencanto sociopolítico xuvenil, todo mediante unha alegoría de conto de fadas protagonizada por animais parlantes. Isto, ademais de establecer a súa clara identidade autoral, valeulle o recoñecemento da industria do cómic e inspirou a súa primeira curta: *Birdboy*.

Birdboy, coescrita e codirixida xunto ao animador Pedro Rivero, outorgoulle a Vázquez o seu primeiro Goya. Foi este éxito o que lle deu a oportunidade de convertelo nunha longametraxe, de novo a catro mans con Rivero; e *Psiconautas: os nenos esquecidos* converteuse nunha das grandes estreas da animación independente da década pasada, cultivando premios (outro Goya entre eles).

A prolificidade de Vázquez non impediu que a súa voz resoe en calquera proxecto. As súas curtametraxes máis recentes, a demoledora *Homeless Home* e a delirante *Decorado* (que lle deu o seu terceiro Goya, nun caso inaudito, a mesma noite que *Psiconautas* foi premiada), permitíronlle refinar a súa identidade visual sen deixar nunca atrás o seu talento para contar unha historia.

Vázquez non abandonou o mundo editorial, ilustrando contos infantís escritos polo Hematocrítico e asinando recentemente o multipremiado cómic *A caza*. Mesmo explorou terreos como a música (foi batería na banda Mano de Obra) ou o videoxogo (é deseñador e director de arte no xogo para móbiles *Microbian*).

É por todo iso que reivindicar a figura de Vázquez, un artista multidisciplinar cuxo universo propio non deixa de crecer, resulta clave nunha industria na que o cinema animado independente parece estar a reducirse. Figuras como a súa son clave para que o público poida ver cada vez máis a animación como un medio capaz de contar calquera historia e que chegue a pisar as salas comerciais.

Mércores 14: Hit the Road · Panah Panahi